





## *O ESPAZO DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN SANITARIA*

Dende o portal de BiblioSaúde, pódese acceder a unha sección chamada **ESPAZOS**. Dende aí temos acceso ao **ESPAZO de XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN SANITARIA**, un portal que aglutina os recursos que oferta Bibliosaúde sobre os temas de xestión e administración sanitarias, lexislación, xurisprudencia, economía e gasto sanitario, RR.HH., contratos, recursos xerais, etc. dirixido a todo ó persoal non sanitario.

Os **obxectivos** do espazo de xestión son:

- Ter accesibles dende un único punto de acceso os recursos máis habituais destas especialidades, sen perder a opción de recuperar en calquera momento recursos doutras especialidades en Bibliosaúde.
- Darlles máis visibilidade aos recursos propios das especialidades de xestión sanitaria, posto que no portal de BiblioSaúde quedaban escondidos baixo o ámbito clínico-médico.
- Facilitar o acceso aos recursos propios de xestión sanitaria dende un formato áxil e doado de usar.

## ¿Cómo accedo ao espazo de xestión ?

Dende o enlace directo

(**http://bibliosaude.sergas.es/espazoxestion**),

ou ben dende a páxina principal de Bibliosaúde.

Ao picar sobre o enlace do espazo de xestión, pediranos unha clave de usuario e un contrasinal. Teremos que escribir as nosas claves do Sergas ou da Consellería de Sanidade, as mesmas que utilizamos para acceder ao correo electrónico institucional ou á sesión do noso ordenador.

A primeira pantalla que se nos mostra, **NOVAS**, serán as noticias que BiblioSaúde selecciona para informar das novidades no ámbito da xestión sanitaria.

Dende o menú da esquerda, podemos ir navegando sobre as opcións do menú, picando sobre elas: **Revistas electrónicas**, onde vemos un listado alfabético dos principais títulos con enlace ás revistas. Se necesitamos o enlace a un título doutra especialidade que non aparece no listado, podemos utilizar o buscador de "buscar revistas-e en mergullador", marcando a opción contén, e escribindo unha palabra do título. Logo picamos sobre o botón Buscar. Desta forma accedemos á colección completa de revistas electrónicas de mergullador sen ter que saír do espazo de xestión en ningún momento.

No menú indícasenos resaltado en cor rosa a opción na que nos encontramos. Algún epígrafe despregará subencabezamentos clasificados baixo él, como pode ser o caso de *Revistas-e*, *Bases de Datos*, *Libros e Formación, Web 2.0,* ou *Outros recursos*. Teremos que picar sobre estes subencabezamentos que se visualizan en cor rosa máis clara, para acceder a eses novos recursos. Encontramos ademais das revistas electrónicas, as principais **Bases de datos** de lexislación e xurisprudencia e baixo o subepígrafe "multidisciplinares", poderemos acceder ás bases de datos clínicas que conteñen información de xestión, **diarios oficiais e normativas**, **estatísticas**, **libros e formación** (esta opción permítenos a consulta do catálogo colectivo de libros dos hospitais e da Consellería de Sanidade, para poder solicitar mediante Préstamo interbibliotecario calquer título, ou ben baixar e consultar calquera dos textos dos libros e informes electrónicos, por exemplo os libros de xestión vaciados no xestor bibliográfico citeulike, ou consultar en liña os Mementos de Francis Lefebvre).

Os formularios de acceso ao **Servizo Virtual de Referencia**, para *solicitar artigos* que bibliosaúde non ten subscritos, para *solicitar buscas bibliográficas* ou para *consultar algunha dúbida bibliográfica* aos bibliotecarios.

Baixo o epígrafe **Web 2.0** facilítase o acceso aos principais blogs de xestión sanitaria, ás principais redes sociais, así como as contas de Bibliosaúde en twitter, facebook, os sumarios das revistas en netvibes e as buscas en Pubmed pregravadas en delicious sobre temas relacionados coa xestión sanitária ou a administración hospitalaria.

Finalmente dende o epígrafe **OUTROS RECURSOS**, poderemos localizar os congresos que se celebrarán por especialidades, os catálogos de hospitais e centros de atención primaria do SNS, acceder aos vídeos sanitarios catalogados pola biblioteca, a documentos de interese relacionados coas liñas "Estratexicas Sergas 2014", así como artigos, informes, libros ou outros documentos relevantes relacionados coa xestión e administración sanitaria.

O enlace final á Bibliosaúde, nos leva ao portal de acceso á Biblioteca Virtual, por se necesitamos consultar algún outro recurso xenérico.